

## ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA E. PRIMARIA

BLOQUE: XOGOS PREDEPORTIVOS

UNIDADE: **Iniciación ó baloncesto**

TEMPORALIZACIÓN: **1- 4ª semana marzo**

MATERIAL E INSTALACIÓNS: Balóns de baloncesto, pista de baloncesto, petos, bancos suecos.

ORGANIZACIÓN ALUMNOS: Individual, parellas, grupo.

CICLO: **Terceiro**

NIVEL: 5ª - 6º

CONTIDOS CENTRAIS:

- Pases.
- Dribling.
- Xogos predeportivos.

TÉCNICAS DE ENSINO: Guiado.

### ANIMACIÓN:

#### ▪ Quecemento xeral:

- Mans e dedos.
- Xogo libre co balón.
- Driblar e roubar: Todos cun balón e botando sen parar tratan de roubarlle o balón os demais compañeiros.

### PARTE PRINCIPAL:

#### 1. Dribling:

- **Pelea de kiricos.** Botando o balón en cuclillas tratan de desequilibrar ó compañeiro.
- **Cadea botadora:** En grupos de oito collidos polos hombros en fila lateral, un neno dribla a tódolos demais meténdose por debaixo dos brazos, ó chegar o final lánzalle o balón o último da fila para que continúe.

#### 2. Pases:

- Por trios, dous pasanse o balón e un no centro trata de interceptalo.
- Grupos de oito con dous balóns. Dous alumnos no centro dun corro pasan o balón os de fora por orden tratando de que un compañeiro se xunte con dous balóns.

#### 3. Bancos suecos:

- Rodar o balón polo banco sueco coa man D/E.
- Botalo no banco sueco. D/E.
- Botalo subido ó banco sueco. D/E.
- Filas enfrentadas pasan o banco botando o balón.

**Concurso de canastas:** Grupos de seis por parellas, tiran 6 canastas cada parella e gana a mellor, faise unha final coas mellores de cada grupo.

### VOLTA A CALMA:

**Xogo de "todos enriba do banco sueco":** Unha vez que están todos enriba do banco mándaselle que se coloque por orden de clase sen baixar do banco.

### OBSERVACIÓNS